

PROPOSTAS DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA PARA A FUTURA LEI GALEGA DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Introdución

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG)**, como corporación de dereito público que representa e ordena o exercicio da profesión do traballo social en Galicia, considera fundamental participar no proceso de elaboración da futura lei autonómica de infancia e adolescencia promovida pola Xunta de Galicia.

As e os profesionais do traballo social desenvolven un papel esencial no sistema de protección á infancia, tanto nos **servizos sociais comunitarios** como nos **equipos técnicos especializados**, así como nos distintos **recursos do sistema de protección**.

A experiencia acumulada na práctica profesional permite identificar avances significativos no sistema galego de protección, pero tamén retos estruturais que dificultan o desenvolvemento de intervencións eficaces e sostibles no tempo.

A futura lei constitúe unha oportunidade para reforzar o modelo de protección á infancia en Galicia, garantindo un enfoque centrado no interese superior da persoa menor de idade, en coherencia cos principios establecidos na:

1. **Convención sobre os Dereitos do Neno**
2. **Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor**
3. **Lei Orgánica 8/2021 de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia**

O presente documento reúne achegas individuais de profesionais especializadas en infancia e adolescencia, así como contribucións da Comisión Técnica de Familia e Infancia, xunto co equipo técnico e a Xunta de Goberno do COTSG. O proceso de elaboración realizouse a través de achegas escritas individuais, un debate en liña entre profesionais colexiadas e unha posterior revisión profesional. Confiamos en que estas propostas poidan servir de ferramenta útil para o desenvolvemento da futura lei.

Co obxectivo de contribuír a este proceso normativo, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia formula as seguintes propostas.

1. Recoñecemento dos **dereitos da infancia e adolescencia**

A futura lei debería recoller de maneira expresa **un catálogo de dereitos da infancia e adolescencia**, incorporando tamén unha regulación específica relativa aos dereitos das persoas menores de idade que se atopan baixo medidas de protección.

Entre estes dereitos deberían incluírse:

1. **Dispoñer dun Plan Individualizado de Protección** adaptado ás súas circunstancias persoais, familiares e sociais.
2. **Contar con figuras de referencia estables** nos recursos de acollemento e nos equipos profesionais responsables da súa protección.
3. **Participar nas decisións que lles afectan**, de acordo coa súa idade e grao de madurez.
4. **Recibir información comprensible** sobre as medidas adoptadas no seu proceso de protección.
5. **Manter contacto directo coas persoas profesionais** responsables do seu caso.
6. **Acceder a mecanismos de reclamación ou revisión** das actuacións administrativas.
7. **Recibir unha atención integral que cubra as súas necesidades básicas** (alimentación, vivenda, educación), **e as necesidades específicas** derivadas da súa situación persoal, evolutiva ou de saúde, incluíndo o acceso a recursos especializados como atención psicolóxica, logopedia, apoio educativo ou outros servizos necesarios para o seu desenvolvemento integral.

2. Plan **Individualizado de Protección**

O Plan Individualizado de Protección (PIP) debe constituír o instrumento básico de planificación da intervención no sistema de protección à infancia.

Este plan deberá elaborarse tras **unha avaliación interdisciplinar** e establecer **obxectivos claros orientados a:**

1. preservación da convivencia familiar
2. reintegración familiar
3. procura dunha alternativa familiar estable

4. preparación para a vida autónoma no caso de adolescentes

O plan deberá **revisarse periodicamente** e adaptarse á evolución da situación persoal e familiar da persoa menor de idade.

3. Planificación concorrente **como principio de intervención**

A lei debería incorporar expresamente o principio de planificación concorrente como modelo de intervención no sistema galego de protección á infancia.

Este enfoque baséase no **desenvolvemento simultáneo de dúas liñas de intervención**:

1. **traballo intensivo coa familia de orixe**, orientado a posibilitar a reunificación familiar cando esta resulte viable e segura para a persoa menor de idade.
2. **planificación paralela dunha alternativa familiar estable**, para o caso de que a reunificación non resulte posible nun prazo razoable.

Este modelo permite **reducir os tempos de incerteza das persoas menores de idade, evitar procesos prolongados de institucionalización e favorecer solucións estables nun prazo máis axeitado para o seu desenvolvemento evolutivo**.

A implantación efectiva deste modelo require:

1. **reforzo dos servizos de intervención familiar**, que permitan desenvolver procesos intensivos de apoio, acompañamento e avaliación coas familias de orixe.
2. **dispoñibilidade suficiente de familias acolledoras**, así como o fortalecemento dos programas de captación, formación e apoio ao acollemento familiar.
3. **protocolos claros de toma de decisións**, que definan prazos, criterios técnicos e mecanismos de revisión das medidas adoptadas.
4. **coordinación interinstitucional**, especialmente entre os servizos sociais comunitarios, os servizos autonómicos de protección á infancia e outros sistemas implicados.
5. **dotación suficiente de recursos profesionais especializados**, con formación específica e continua en intervención familiar, avaliación do risco e protección á infancia.
6. **sistemas estruturados de supervisión profesional e de equipo**, máis aló das reunións de coordinación ordinarias, que permitan garantir a calidade técnica das

intervencións e apoiar a toma de decisións en casos complexos.

7. **apoio institucional e seguimento do modelo**, mediante directrices técnicas, avaliación periódica da súa aplicación e garantía de recursos adecuados para a súa implementación efectiva.

4. Clarificación das **medidas de protección e das competencias administrativas**

A futura lei debería delimitar con maior claridade as competencias dos diferentes niveis administrativos en función da gravidade das situacións de desprotección:

- **Servizos sociais municipais:** intervención en situacións de risco leve ou moderado
- **Servizos autonómicos de protección á infancia:** intervención en situacións de desprotección grave ou desamparo

Tamén debería regular con maior precisión as **diferentes medidas de protección**:

1. apoio á familia
2. garda
3. tutela
4. acollemento familiar
5. acollemento residencial

5. Procedemento **administrativo nas medidas de protección**

A normativa debería definir con claridade o **procedemento administrativo nas medidas de protección**.

Entre as **garantías procedementais** deberían incluírse:

1. **acceso ao expediente**
2. **trámite de audiencia**
3. **dereito á presentación de alegacións**
4. **resolución motivada**

Tamén resulta necesario:

- **reforzar o apoio xurídico** aos equipos técnicos
- mellorar a **coordinación coa Fiscalía e os órganos xudiciais**

6. Recursos e programas do sistema de protección

A lei debería regular con maior claridade os **recursos do sistema de protección**:

1. **acollemento familiar**
2. **acollemento residencial**
3. **programas de intervención familiar**
4. **programas de apoio á convivencia**

Resulta igualmente necesario impulsar:

1. **o banco de familias acolledoras**
2. **programas específicos por franxa de idade**
3. **recursos especializados para situacións de alta complexidade**

7. Dereitos das familias acolledoras

Debería recoñecerse un marco de dereitos e apoios ás familias acolledoras, que inclúa:

1. **acceso preferente a determinados recursos educativos e sociais**
2. **apoio técnico e formativo**
3. **clarificación das prestacións económicas**

8. Apoio á transición á vida adulta

A normativa debería prever medidas específicas de apoio á transición á vida adulta para persoas mozas procedentes do sistema de protección.

Estas medidas poderían **prolongarse ata os 25 anos**, sempre que exista compromiso co seu **itinerario educativo, formativo ou laboral**.

9. Ratios profesionais e **reforzo dos equipos**

A lei debería establecer ratios profesionais orientativas que garantan unha intervención de calidade. Diversos estándares técnicos sitúan como ratio adecuada:

- **entre 20 e 30 expedientes** por profesional como máximo en intervención estándar.

Nos **casos de alta complexidade** as ratios deberían ser **inferiores**.

10. Formación **especializada e continua**

A normativa debería garantir a formación especializada das persoas profesionais que interveñen no sistema de protección á infancia, tanto na súa incorporación como ao longo da súa carreira profesional.

1. As áreas prioritarias de formación deberían incluír, sen carácter exhaustivo:
Marco xurídico da protección á infancia, dereitos fundamentais da infancia e adolescencia e procedementos administrativos.
2. **Avaliar o risco e a situación familiar**, incluíndo a detección precoz de necesidades de protección, de persoas menores en situación de vulnerabilidade ou extranxeiras.
3. **Intervención familiar e social**, abordando a mediación, xestión de conflitos e coordinación interinstitucional.
4. **Prevención, detección e abordaxe de todo tipo de violencia**, incluíndo violencia de xénero, violencia sexual, trata de persoas menores e explotación sexual.
5. **Apego, trauma e dano transxeracional**, incluíndo identificación do trauma complexo, poli-victimización, impacto do apego na relación familiar, e mecanismos para evitar a victimización secundaria.
6. **Trauma e saúde mental infanto-xuvenil**, incluíndo trastornos do vínculo, prevención de condutas autolesivas e promoción da resiliencia.
7. **Perspectiva de xénero e interseccional**, e o impacto de roles e estereotipos de xénero na violencia que sofren persoas menores.
8. **Discapacidade e inclusión**, con especial atención ás necesidades educativas, sociais e de protección específicas.

9. **Prevención de adiccións e promoción de hábitos saudables.**

10. **Seguridade dixital e uso seguro de Internet.**

11. **Formación en habilidades de mediación intercultural e xestión de conflitos en contextos diversos.**

Tamén debería establecerse un **sistema de formación continua obrigatoria**, que permita actualizar competencias e coñecementos ante cambios legais, sociais ou científicos, garantindo a calidade técnica e a protección efectiva da infancia.

11. Supervisión **profesional dos equipos**

A supervisión profesional debería **incorporarse como elemento estrutural** do sistema de protección. A supervisión permite:

1. **mellorar a calidade técnica das intervencións**
2. **apoiar emocionalmente aos profesionais**
3. **mellorar a coordinación interdisciplinar**

12. Creación dunha **Comisión Ética**

A lei debería desenvolver o funcionamento dunha Comisión Ética no ámbito do sistema de protección á infancia.

Esta comisión actuaría como **órgano consultivo ante situacións de especial complexidade técnica ou ética**.

13. Prevención do **maltrato institucional**

A normativa debería incorporar o principio de prevención do maltrato institucional, promovendo **boas prácticas na intervención coas persoas menores e as súas familias**.

14. Sistema de **avaliación e información do sistema de protección**

A lei debería prever a creación dun sistema público de información e avaliación do sistema de protección á infancia.

Este sistema permitiría:

1. **coñecer datos actualizados sobre persoas menores de idade atendidas**
2. **avaliar a eficacia das políticas públicas**
3. **mellorar a planificación de recursos**

15. Promoción da **prevención e da intervención temperá**

A lei debería reforzar as políticas de prevención e intervención temperá nas situacións de risco. Estas intervencións deben desenvolverse fundamentalmente desde:

1. **os servizos sociais comunitarios**
2. **a coordinación cos sistemas educativo e sanitario**

16. Defensor ou **Comisionado da Infancia de Galicia**

Finalmente, podería valorarse a creación da figura dun Comisionado ou Defensor da Infancia de Galicia, como **órgano independente encargado de:**

1. **velar polos dereitos da infancia**
2. **supervisar o funcionamento do sistema de protección**
3. **canalizar reclamacións e propostas de mellora**

17. Garantía do bo funcionamento dos **Equipos Técnicos do Menor (ETMs)**

A futura lei debería incorporar un artigo específico orientado a garantir o bo funcionamento dos Equipos Técnicos do Menor (ETMs), como peza clave no sistema de protección á infancia.

Neste sentido, resulta necesario:

- Dotar aos ETMs de medios humanos suficientes para poder dar unha resposta eficaz e nun tempo razoable aos procesos de valoración e intervención que sustentan as medidas de protección que afectan ás persoas menores de idade.
- Garantir que o persoal integrante dos ETMs dispoña da formación necesaria para o axeitado desempeño das súas funcións.

- Garantir unha adecuada organización dos ETMs, delimitando as funcións dos seus membros e establecendo protocolos claros de actuación que aseguren intervencións baseadas en criterios de calidade e eficacia.
- Fomentar a estabilidade do persoal, evitando a rotación continua de profesionais de referencia para as persoas menores de idade e as súas familias, e garantindo condicións laborais dignas e retribucións acordes á responsabilidade asumida.
- Garantir os dereitos laborais das persoas profesionais e implementar as medidas necesarias de prevención de riscos laborais asociadas aos postos de traballo.

Conclusión e disposición á colaboración institucional

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia considera que a futura lei galega de infancia e adolescencia debe supoñer un avance significativo no fortalecemento do sistema público de protección á infancia en Galicia.

Para iso resulta imprescindible garantir:

1. a **protección efectiva dos dereitos da infancia**
2. a **estabilidade das intervencións**
3. a **dotación suficiente de recursos profesionais**
4. a **coordinación entre sistemas**
5. a **avaliación continua das políticas públicas**

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia manifesta a súa disposición a colaborar coas administracións públicas no proceso de desenvolvemento e implementación desta futura lei**, así como a participar en espazos de traballo técnico que contribúan á mellora do sistema galego de protección á infancia e adolescencia.